

PROGRAMA DE ACTIVIDADES CON CENTROS EDUCATIVOS

Salón Teatro 1920-2020

CENTENARIO100

OS SEGREDOS DO SALÓN TEATRO

- Visitas interactivas

en liña para centros educativos -

XUNTA DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34 1
5705 Santiago de Compostela

Tel. 881 867 229

centro.dramatico.galego@xunta.gal
www.centrodramatico.gal

CENTENARIO

Salón Teatro 1920–2020 (Inaugurado o 30 de outubro de 1920)

O Salón Teatro é o único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Sede do CDG, acolle as representacións da compañía pública, así como outro tipo de espectáculos. Convértese así en referente cultural para a cidade de Santiago de Compostela e a Comunidade Galega.

A Liga da Mutua de Señoras de Santiago promoveu a primeira reconstrución do Salón Teatro no ano 1919. O inmoble, situado en pleno casco histórico de Santiago de Compostela, sería inaugurado o 30 de outubro de 1920. Na súa orixe, ideouse como sala de eventos e espectáculos para os socios desta Liga. Uns anos despois, o edificio foi vendido a Acción Católica, e xa na década dos trinta pasou a mans da Empresa Fraga, que o destinou principalmente á exhibición cinematográfica.

En 1949 a fachada do edificio foi remodelada atendendo aos criterios do arquitecto Pons Sorolla. Estes cambios permanecerían case inalterados ata 1996, ano no que o Salón Teatro foi

adquirido pola Xunta de Galicia. Xa entre 1998 e 1999, o Estudio de Arquitectura Baltar, Bartolomé e Almuiña asumiu unha completa intervención que dotou o inmoble do aspecto co que hoxe o coñecemos.

Xestionado pola Consellaría de Cultura e Deporte, o teatro abriu de novo as súas portas o 29 de outubro de 1999 co gallo da estrea do espectáculo *Si o vello Simbad volvese ás illas...*, de Álvaro Cunqueiro, a cargo do Centro Dramático Galego.

Recuperábase así para a escena galega este espazo de 1920, despois de dúas décadas sen representacións. Dende entón, e como sede do CDG, o Salón Teatro acolle a exhibición en Santiago de todas as producións da compañía pública, ademais dun programa aberto ás distintas disciplinas escénicas. Hoxe, o Salón Teatro chega aos 100 anos en moi boa saúde. Por cen anos máis.

OS SEGREDOS DO SALÓN TEATRO

Visitas en liña ao corazón do teatro

O Salón Teatro abre as súas portas para dar a coñecer os segredos de 100 anos de historia.

Un edificio mítico no corazón de Compostela por cuxas táboas pasaron intérpretes do máis recoñecidos do panorama teatral, como actual sede do Centro Dramático Galego da Xunta de Galicia.


Convidamos a todo o alumnado de Galicia a descubrir a través das cámaras a historia deste particular recinto, así como todos os recunchos que se agochan detrás do pano e que se escapan ao coñecemento xeral dos espectadores.

Un percorrido que nos levará a coñecer o escenario, os cameríns, o peite, a xastaría, a sala de control... acompañados dunha guía que explicará cada espazo, a súa utilidade, os segredos ocultos e as modificacións sufridas ao longo do tempo.

Trala visita un membro do Centro Dramático Galego, responderá ás preguntas ou curiosidades sobre o espazo e o mundo escénico que xurdan.

Quen son os tremoeiros, e utileros?
Que fai un pano de metal no escenario?
Sabedes que temos un canón que serve para seguir aos actores e actrices?

Unha cita ineludible para repasar a traxectoria do teatro en Galicia, neste edificio singular dun século de historia, que agora será posible visitar sen saír da aula. Abre o pano! Benvidas e benvidos ao Salón Teatro.



OS SEGREDOS DO SALÓN TEATRO

Obxectivos e proxecto

Trátase dunha proposta adaptable a primaria e secundaria que permitirá ao alumnado coñecer un espazo escénico por dentro e os oficios teatrais.

Un dos obxectivos principais é que as rapazas e rapaces poidan ver os espazos reservados aos profesionais do teatro e escoitar de primeira man as explicacións sobre as accións que acontecen nestes.

Outro dos obxectivos é dar a coñecer e valorizar as profesións do eido técnico e artístico focalizando a atención en rachar cos roles e estereotipos de xénero.

A visita poderá desenvolverse totalmente en liña coa seguinte estrutura: presentación, visita e preguntas do alumnado. A duración total da actividade non excederá dos 45 minutos.

Encontros:

Todos os mércores laborables de xaneiro a maio a partir do 20 de xaneiro

